

**ACTA DA SESIÓN
EXTRAORDINARIA DO
EXCELENTÍSIMO CONCELLO
PLENO DE DATA VINTE E SEIS
DE NOVEMBRO DE DOUS MIL
DEZAOTO**

No salón de sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 26 de novembro de 2018. Baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde-presidente **D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde** e coa asistencia das concelleiras e concelleiros **D^a María Rocío Fraga Sáenz, D. Xiao Varela Gómez, D^a Silvia Cameán Calvete, D. José Manuel Sande García, D^a María Eugenia Vieito Blanco, D. Alberto Lema Suárez, D^a Claudia Delso Carreira, D. Daniel Díaz Grandío, D^a María García Gómez, D^a Rosa María Gallego Neira, D. Miguel Lorenzo Torres, D^a María Begoña Freire Vázquez, D. Roberto Luis Coira Andrade, D. Martín Fernández Prado, D. Francisco José Mourello Barreiro, D^a Mariel Padín Fernández, D^a María Luisa Cid Castro, D. Enrique Luis de Salvador Sánchez, D^a Susana Pazo Meijide, D. José Manuel García Pérez, D^a Eudoxia María Neira Fernández, D. Fito Ferreiro Seoane e D^a María Pilar Neira Martínez**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Pleno do Concello da Coruña, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Da fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, D. Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, D. Ángel David Murado Codesal**.

Xustifica a súa ausencia o concelleiro D. José Manuel Dapena Varela e a concelleira D^a Silvia Longueira Castro.

**ACTA DE LA SESIÓN
EXTRAORDINARIA DEL
EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO
PLENO DE FECHA VEINTISÉIS DE
NOVIEMBRE DE DOS MIL
DIECIOCHO**

*En el salón de sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 26 de noviembre de 2018. Bajo la presidencia del Excmo. Sr. alcalde-presidente **D. Xulio Xosé Ferreiro Baamonde** y con la asistencia de las concejales y concejales **D^a María Rocío Fraga Sáenz, D. Xiao Varela Gómez, D^a Silvia Cameán Calvete, D. José Manuel Sande García, D^a María Eugenia Vieito Blanco, D. Alberto Lema Suárez, D^a Claudia Delso Carreira, D. Daniel Díaz Grandío, D^a María García Gómez, D^a Rosa María Gallego Neira, D. Miguel Lorenzo Torres, D^a María Begoña Freire Vázquez, D. Roberto Luis Coira Andrade, D. Martín Fernández Prado, D. Francisco José Mourello Barreiro, D^a Mariel Padín Fernández, D^a María Luisa Cid Castro, D. Enrique Luis de Salvador Sánchez, D^a Susana Pazo Meijide, D. José Manuel García Pérez, D^a Eudoxia María Neira Fernández, D. Fito Ferreiro Seoane y D^a María Pilar Neira Martínez**, se reúne, previa convocatoria regulamentariamente circulada, el Pleno del Ayuntamiento de A Coruña, al objeto de celebrar sesión extraordinaria en primera convocatoria.*

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno, D. Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general D. Ángel David Murado Codesal**.*

Justifica su ausencia el concejal D. José Manuel Dapena Varela y la concejala D^a Silvia Longueira Castro.

Ás nove horas e trinta minutos, a Presidencia abre a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

I - PARTE RESOLUTIVA:

FACENDA E ADMINISTRACIÓN

151 – Aprobación inicial expediente M4/2018.

Asunto.- Aprobación inicial do expediente M4/2018 de concesión de suplemento de crédito no Orzamento 2018.

Intervencións

Presidencia

Moi ben. Moi bo día a todos e a todas, aos membros da Corporación Municipal, traballadores municipais e a xente que nos segue a través do *streaming*, se hai alguén a estas horas aí.

Imos dar comezo a esta sesión extraordinaria do Pleno do Excelentísimo Concello da Coruña que ten por asunto único a aprobación inicial do expediente M4/2018 de concesión de suplemento de crédito no Orzamento 2018.

Ten a palabra... Si?

Señor Secretario Xeral

Disculpar unicamente a Don José Manuel Dapena Varela e a Dona Silvia Longueira Castro.

Presidencia

Moi ben, ten a palabra a concelleira de Facenda, Eugenia Vieito.

A las nueve horas y treinta minutos, la Presidencia abre la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.

I – PARTE RESOLUTIVA:

HACIENDA Y ADMINISTRACIÓN

151 – Aprobación inicial expediente M4/2018.

Asunto.- Aprobación inicial del expediente M4/2018 de concesión de suplemento de crédito en el Presupuesto 2018.

Intervenciones

Presidencia

Muy bien. Muy buenos días a todos y a todas, a los miembros de la Corporación Municipal, trabajadores municipales y a la gente que nos sigue a través de la emisión en directo, si hay alguien a estas horas ahí.

Vamos a dar comienzo a esta sesión extraordinaria del Pleno del Excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña que tiene por asunto único la aprobación inicial del expediente M4/2018 de concesión de suplemento de crédito en el Presupuesto 2018.

Tiene la palabra... ¿Sí?

Señor Secretario General

Disculpar únicamente a Don José Manuel Dapena Varela y a Doña Silvia Longueira Castro.

Presidencia

Muy bien, tiene la palabra la concejala de Hacienda, Eugenia Vieito.

Señora Vieito Blanco

En primeiro lugar bo día a todas e a todos os presentes aquí hoxe e ós que nos seguen tamén por *streaming*.

Traemos hoxe a este Pleno a proposta de aprobación do expediente M4/2018 despois de que o pasado 21 de novembro fora ditaminado favorablemente na Comisión Informativa de Facenda. Se trata da concesión dun suplemento de crédito por importe de 15.184.031,52 € que foi presentado na Comisión de Facenda nos termos en que se presentou o informe-proposta para destinar o superávit a reducir o endebedamento neto a través da amortización anticipada de préstamos. Este expediente supón dar cumprimento a obriga legalmente imperativa de destinar o superávit orzamentario á redución do endebedamento neto imposta polo artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 21 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, trámite que a normativa obriga a ter finalizado antes do remate do exercicio.

Agora ben, de forma excepcional a propia Lei de Estabilidade tamén prevé a posibilidade de destinalo a investimentos financeiramente sostíbles. Para iso esixe o cumprimento dunha serie de condicións: por unha parte que non se superen os límites de endebedamento establecidos na lexislación reguladora das Facendas Locais, cuestión que este Concello cumpre; en segundo lugar tamén que o remate do exercicio anterior só tivese superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de Tesourería para gastos xerais positivos. O superávit resultante da liquidación de 2017 ascende a 18,3 millóns, polo tanto cumprimos este requisito e o remanente acadou tamén un importe de 23,3

Señora Vieito Blanco

En primer lugar buenos días a todas y a todos los presentes aquí hoy y a los que nos siguen también a través de la emisión en directo.

Traemos hoy a este Pleno la propuesta de aprobación del expediente M4/2018 después de que el pasado 21 de noviembre fuera dictaminado favorablemente en la Comisión Informativa de Hacienda. Se trata de la concesión de un suplemento de crédito por importe de 15.184.031,52 € que fue presentado en la Comisión de Hacienda en los términos en que se presentó el informe-proposta para destinar el superávit a reducir el endeudamiento neto a través de la amortización anticipada de préstamos. Este expediente supone dar cumplimiento al deber legalmente imperativo de destinar el superávit presupuestario a la reducción del endeudamiento neto impuesta por el artículo 32 de la Ley Orgánica 2/2012, de 21 de abril, de Estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera, trámite que la normativa obliga a tener terminado antes del final del ejercicio.

Ahora bien, de forma excepcional la propia Ley de Estabilidad también prevé la posibilidad de destinarlo a inversiones financieramente sostenibles. Para eso exige el cumplimiento de una serie de condiciones: por una parte que no se superen los límites de endeudamiento establecidos en la legislación reguladora de las Haciendas Locales, cuestión que este Ayuntamiento cumple; en segundo lugar también que el final del ejercicio anterior solo tuviera superávit en términos de contabilidad nacional y remanente de Tesorería para gastos generales positivos. El superávit resultante de la liquidación de 2017 asciende a 18,3 millones, por lo tanto cumplimos este requisito y el remanente

millóns.

Pero ademais destas dúas condicións engadiuse outra máis que non garda relación co cumprimento do principio de estabilidade e que consiste en que o último dato publicado do período medio de pago a provedores non supere o prazo máximo establecido na normativa sobre morosidade, que é de 30 días. Esta condición endureceuse desde o mes de abril de este ano xa que se modificou a metodoloxía de cálculo do período medio de pago, levando polo tanto a un empeoramento deste indicador desde a súa entrada en vigor cando o Concello comezou a incumplir igual que sucedeu en moitas outras administracións. Nese empeoramento inflúen tamén a recente entrada en vigor da Lei de Contratos do Sector Público que tamén engadiu requisitos adicionais á tramitación das facturas por parte dos Servizos e sobre todo o recoñecemento extraxudicial de crédito do Concello e do IMCE por importe de 1,3 millóns e de 935.000 euros respectivamente que lastraron o indicador do período medio de pago polo tempo en que o Pleno rexeitou a súa aprobación, o que implicou que esas facturas non se puideran pagar ata agosto ou outubro despois da súa aprobación plenaria. Todo isto tivo como resultado que a pesar dos esforzos realizados para cumprir con este indicador, o último dato publicado de setembro reflicte un incumplimento superándose o máximo permitido de 30 días por 3,61 días. Sucedendo o mesmo para todo outubro a falta dos últimos axustes.

Aínda que a Lei de Estabilidade nos permite esperar o dato de período medio de pago de novembro para saber si é posible destinar a investimentos financeiramente sostibles o superávit,

alcanzou también un importe de 23,3 millones.

Pero además de estas dos condiciones se añadió otra más que no guarda relación con el cumplimiento del principio de estabilidad y que consiste en que el último dato publicado del período medio de pago a proveedores no supere el plazo máximo establecido en la normativa sobre morosidad, que es de 30 días. Esta condición se endureció desde el mes de abril de este año ya que se modificó la metodología de cálculo del período medio de pago, llevando por lo tanto a un empeoramiento de este indicador desde su entrada en vigor cuando el Ayuntamiento comenzó a incumplir igual que sucedió en muchas otras administraciones. En ese empeoramiento influyen también la reciente entrada en vigor de la Ley de Contratos del Sector Público que también añadió requisitos adicionales a la tramitación de las facturas por parte de los Servicios y sobre todo el reconocimiento extrajudicial del crédito del Ayuntamiento y del IMCE por importe de 1,3 millones y de 935.000 euros respectivamente que lastraron el indicador del período medio de pago por el tiempo en que el Pleno rechazó su aprobación, lo que implicó que esas facturas no se pudieran pagar hasta agosto u octubre después de su aprobación plenaria. Todo esto tuvo como resultado que a pesar de los esfuerzos realizados para cumplir con este indicador, el último dato publicado de septiembre refleja un incumplimiento superándose el máximo permitido de 30 días por 3,61 días. Sucediendo lo mismo para todo octubre a falta de los últimos ajustes.

Aunque la Ley de Estabilidad nos permite esperar el dato de período medio de pago de noviembre para saber si es posible destinar a inversiones financieramente sostenibles el superávit, sin embargo nos

sen embargo nos obriga a que antes de rematar o exercicio teñamos finalizado o expediente de reinvestimento do superávit o que supón unha incongruencia da propia Lei. A norma reguladora deste procedemento nos sitúa ante un dilema de difícil solución: por un lado permite que as condicións para destinar o superávit a investimentos poidáanse cumprir ata o momento final da aprobación deses investimentos, por outro esixe ter iniciadas as modificacións para amortización de débeda no caso de que esas condicións non se cumbran.

Para facer compatibles estas dúas posibilidades prevíamos un cambio no expediente no caso de cumprir co período medio de pago do mes de novembro a través de alegacións, emendas ou voto particular na fase final de tramitación, como sucede con calquera outro modificativo. Pero á vista das consideracións realizadas pola Secretaría Xeral do Concello no seo da Comisión de Facenda, e por razóns de maior seguridade xurídica, co obxecto de manter abertas todas as opcións de destino do superávit, presentamos un voto particular no que se propón destinar o superávit a proxectos declarados financeiramente sostíbles pola cantidade de 13,7 millóns e a amortización de débeda á cantidade restante do total do superávit 1,4 millóns no caso de cumprimento do dato de período medio de pago de novembro. No caso de non cumprirse este requisito destinaríase a amortización de débeda a cantidade global do superávit.

Este voto particular foi informado tanto pola Secretaría Xeral como pola Intervención do Concello, existindo diferenzas de criterio, pero en todo caso, sobre a legalidade das decisións que se someten a este Pleno a Secretaría Xeral

obliga a que antes de finalizar el ejercicio finalicemos el expediente de reinversión del superávit lo que supone una incongruencia de la propia Ley. La norma reguladora de este procedimiento nos sitúa ante un dilema de difícil solución: por una parte permite que las condiciones para destinar el superávit a inversiones se puedan cumplir hasta el momento final de la aprobación de esas inversiones, por otro exige tener iniciadas las modificaciones para amortización de deuda en el caso de que esas condiciones no se cumplan.

Para hacer compatibles estas dos posibilidades preveíamos un cambio en el expediente en el caso de cumplir con el período medio de pago del mes de noviembre a través de alegaciones, enmiendas o voto particular en la fase final de tramitación, como sucede con cualquier otro modificativo. Pero a la vista de las consideraciones realizadas por la Secretaría General del Ayuntamiento en la sede de la Comisión de Hacienda, y por razones de mayor seguridad jurídica, con el objeto de mantener abiertas todas las opciones de destino del superávit, presentamos un voto particular en el que se propone destinar el superávit a proyectos declarados financieramente sostenibles por la cantidad de 13,7 millones y a amortización de deuda a la cantidad restante del total del superávit 1,4 millones en el caso de cumplimiento del dato de período medio de pago de noviembre. En el caso de no cumplirse este requisito se destinaría a amortización de deuda la cantidad global del superávit.

Este voto particular fue informado tanto por la Secretaría General como por la Intervención del Ayuntamiento, existiendo diferencias de criterio, pero en todo caso, sobre la legalidad de las decisiones que se someten a este Pleno la Secretaría

considera que esta opción é por unha parte a que ofrece maior seguridade xurídica, concluíndo no seu informe que tanto o ditame da Comisión como o voto particular son adecuados á legalidade e a adopción do acordo integrado ou non con ese voto particular e aprobalo é unha decisión discrecional da Corporación. Por todo isto sométese a votación deste Pleno o voto particular vinculado tamén ao único punto de reinvestimento do superávit.

Nada máis. Grazas.

Presidencia

Moi ben. Moitas grazas, señora Vieito. Ten a palabra o señor García.

Señor García Pérez

Grazas, señor alcalde. Saúdos a todos os compañeiros presentes á xente que nos segue pola emisión en directo.

Adiantar a abstención do Grupo Municipal Socialista neste asunto. Nós lamentamos profundamente a situación na que se atopa a cidade, tentamos axudar a que cuestións orzamentarias non fosen un impedimento para que se avanzase en os investimentos necesarios que toda cidade precisa, especialmente cando a orixe das mesmas é o imposto dos cidadáns. Non hai forma. Parece que somos incapaces de avanzar nun acto de xestión normalizada. Cumprir o período medio de pago converteuse nunha tarefa titánica para o goberno actual da Marea Atlántica e nós lamentamos moitísimo que isto se estea producindo.

É certo que o señor Montoro nos seus reais decretos estupendos que viña facendo establece unha serie de rixideces para as cidades que son un tanto incompresibles. É moi importante

General considera que esta opción es, por una parte, la que ofrece mayor seguridad jurídica, concluyendo en su informe que tanto el dictamen de la Comisión como el voto particular son adecuados a la legalidad y la adopción del acuerdo integrado o no con ese voto particular y aprobarlo es una decisión discrecional de la Corporación. Por todo esto se somete a votación de este Pleno el voto particular vinculado también al único punto de reinversión del superávit.

Nada más. Gracias.

Presidencia

Muy bien. Muchas gracias, señora Vieito. Tiene la palabra el señor García.

Señor García Pérez

Gracias, señor alcalde. Saludos a todos los compañeros presentes a la gente que nos siguen por streaming.

Adelantar la abstención del Grupo Municipal Socialista en este asunto. Nosotros lamentamos profundamente la situación en la que se encuentra la ciudad, intentamos ayudar a que cuestiones presupuestarias no fueran un impedimento para que se avanzara en las inversiones necesarias que toda ciudad precisa, especialmente cuando el origen de las mismas es el impuesto de los ciudadanos. No hay manera. Parece que somos incapaces de avanzar en un acto de gestión normalizada. Cumplir el período medio de pago se ha convertido en una tarea titánica para el gobierno actual de la Marea Atlántica y nosotros lamentamos muchísimo que esto se esté produciendo.

Es cierto que el señor Montoro en sus reales decretos estupendos que venía haciendo establece una serie de rigideces para las ciudades que son un tanto incompresibles. Es muy importante que

que as cidades teñan capacidade de manobra porque é a administración máis próxima ao cidadán e non entendemos as ataduras ás que están suxeitas para que en situacións como a da Coruña no que a situación financeira non é preocupante, nin moito menos, non se poida ter autonomía para decidir os investimentos financeiros sustentables se non se cumpren determinados requisitos que nos parecen un tanto extemporáneos.

En calquera caso, o que é certo é que a incapacidade de Marea Atlántica para cumprir o período medio de pago, no que se traduce é que a cidade vexa furtados 15.000 millóns de euros de investimentos directos nunha chea de equipamentos e servizos esenciais. Preocúpanos ademais que iso tamén sexa motivo do atraso da entrega do Orzamento, do que aínda non vimos nin unha soa cifra. Sería importante que isto se concretase dunha vez porque estamos practicamente acabando o ano e comezar o 2019 cun orzamento en tempo e forma sería o ideal para que a cidade saíse da situación na que se atopa.

Con respecto ao voto particular, efectivamente na Comisión de Facenda houbo un debate intenso sobre o particular. Os habilitados nacionais deste Concello teñen posicións contraditorias sobre o mesmo. Nós na Comisión de Facenda, e o Grupo Municipal de forma consensuada, determinou que se hai posibilidades de que a cidade vexa materializados eses investimentos nós non imos ser un impedimento. Xa o dixemos máis veces, reiterámolo polo menos ata o día de hoxe, non imos facer política electoralista cos orzamentos nin cos investimentos que a cidade necesita. Pensamos que a construción da política non ten que deixar aos cidadáns cheos

las ciudades tengan capacidad de manobra porque es la administración más cercana al ciudadano y no entendemos las ataduras a las que se ven sometidas para que en situaciones como la de A Coruña en el que la situación financiera no es preocupante, ni mucho menos, no se pueda tener autonomía para decidir las inversiones financieras sostenibles si no se cumplen determinados requisitos que nos parecen un tanto extemporáneos.

En cualquier caso, lo que es cierto es que la incapacidad de Marea Atlántica para cumplir el período medio de pago, en lo que se traduce es que la ciudad vea hurtados 15.000 millones de euros de inversiones directas en un montón de equipamientos y servicios esenciales. Nos preocupa además que eso también sea motivo del retraso de la entrega del Presupuesto, del que todavía no vimos ni una sola cifra. Sería importante que esto se concretara de una vez porque estamos prácticamente acabando el año y arrancar el 2019 con un presupuesto en tiempo y forma sería lo ideal para que la ciudad saliese de la situación en la que se encuentra.

Con respecto al voto particular, efectivamente en la Comisión de Hacienda hubo un debate intenso sobre el particular. Los habilitados nacionales de este Ayuntamiento tienen posiciones contraditorias sobre el mismo. Nosotros en la Comisión de Hacienda, y el Grupo Municipal de manera consensuada, ha determinado que si hay posibilidades de que la ciudad vea materializada esas inversiones nosotros no vamos a ser un impedimento. Ya lo dijimos más veces, lo reiteramos por lo menos hasta el día de hoy, no vamos a hacer política electoralista con los presupuestos ni con las inversiones que la ciudad necesita. Pensamos que la construcción de la política no tiene que dejar a los

de preocupacións entre partidos que ninguén entende e ademais neste momento, na situación na que se atopa a cidade, non sería xusto. De tal forma que se iso se produce, e como con a abstención sería suficiente, determinarase no futuro o voto do Grupo Municipal Socialista sobre o particular, pero si lles instamos a que no mes de novembro sexan, por favor capaces de cumprir co período medio de pago.

Nada máis. Moitas grazas.

Presidencia

Moi ben. Moitas grazas, señor García. Señora Gallego.

Señora Gallego Neira

Bos días, moitas grazas.

Señora Vieito, non hai xustificación, non se empeñe: todo un desastre. O 28 de marzo Xulio anunciou publicamente que investiría o superávit de 2017 en mellora de espazo público, eficiencia enerxética, zonas verdes, centros educativos, cívicos e deportivos porque o Concello presentaba unhas contas saneadas. O 2 de maio Eugenia Vieito reafirmou publicamente que o superávit podería ser empregado en proxectos que melloren a cidade grazas á situación saneada das contas municipais. Tras estes anuncios, que fan hoxe? Pois traer 15.000.000 para superávit para os bancos tras descontar 3,6 millóns para facturas de caixón. Nin zonas verdes, nin colexios, nin centros cívicos, nin instalacións deportivas, porque segundo vostedes as contas non están saneadas.

Ferreiro ten 18.000.000 de superávit de 2017 porque deixou sen executar 61.000.000 o ano pasado, non son novos ingresos. Destes 61.000.000, 42,5 eran

ciudadanos cautivos de cuitas entre partidos que nadie entiende y además hoy por hoy, en la situación en la que se encuentra la ciudad, no sería justo. De tal manera que si eso se produce, y como con la abstención sería suficiente, se determinará en el futuro el voto del Grupo Municipal Socialista sobre el particular, pero si les instamos a que en el mes de noviembre sean, por favor capaces de cumplir con el período medio de pago.

Nada más. Muchas gracias.

Presidencia

Muy bien. Muchas gracias, señor García. Señora Gallego.

Señora Gallego Neira

Buenos días, muchas gracias.

Señora Vieito, no hay justificación, no se empeñe: todo un desastre. El 28 de marzo Xulio anunció públicamente que invertiría el superávit de 2017 en mejora de espacio público, eficiencia energética, zonas verdes, centros educativos, cívicos y deportivos porque el Ayuntamiento presentaba unas cuentas saneadas. El 2 de mayo Eugenia Vieito reafirmo públicamente que el superávit podría ser empleado en proyectos que mejoren la ciudad gracias a la situación saneada de las cuentas municipales. Tras estos anuncios ¿qué hacen hoy? Pues traer 15.000.000 para superávit para los bancos tras descontar 3,6 millones para facturas de cajón. Ni zonas verdes, ni colegios, ni centros cívicos, ni instalaciones deportivas, porque según ustedes las cuentas no están saneadas.

Ferreiro tiene 18.000.000 de superávit de 2017 porque dejó sin ejecutar 61.000.000 el año pasado, no son nuevos ingresos. De estos 61.000.000, 42,5 eran para

para investimentos. Ferreiro debe 130.000.000 en obras aos coruñeses.

Este ano vai polo mesmo camiño. Tiña 112 millóns sen gastar a falta de 45 días para final de ano dos que 47.000.000 son de investimentos. En dous anos Ferreiro asinou o pago de 20.000.000 en facturas con reparos de legalidade suspensivos e este ano haberá outros 20. Ferreiro asinou máis de 48.000.000 en operacións bancarias de endebedamento a pesar de que non executa nada. Ferreiro négase a baixar o IBI desde o 2015, subiu a auga 6 € anuais a todos os coruñeses, mileuristas e pensionistas incluídos, para máis festas. A pesar de que Ferreiro adelantou o cobro do IBI ao mes de xullo leva 7 meses incumprindo o período medio de pago. É dicir, de economía saneada nada de nada.

O incumprimento por sétimo mes consecutivo demostra que o problema non é aquela factura de 800.000 euros de recollida de lixo ou o millón do IMCE, un importe minúsculo en comparación cos pagos mensuais de 20.000.000 de media que non son capaces de abonar en tempo e forma. O problema tampouco é a modificación do método de cómputo. O cambio é de abril e foron incapaces de cumprir nin un só mes desde entón sabendo que o necesitaban para aplicar o superávit en investimentos. A Xunta, Lugo, Vigo, Pontevedra cumpre. A perda destes 18.000.000 únese aos 130 sen executar para investimentos en tres anos. Aos 22 perdidos de Eidus e Smart City. 170.000.000 perdidos en investimentos para a cidade pola súa xestión ineficaz. Con 170.000.000 poderíanse facer 50 centros de saúde, 30 edificios de vivendas sociais como o da Xunta no Ofimático, estamos a esperar polos seus, 8 reformas de Alfonso Molina, 5 intermodais, rexenerar 4 veces a ría do Burgo, pagar a conexión ferroviaria co

inversiones. Ferreiro debe 130.000.000 en obras a los coruñeses.

Este año va por el mismo camino. Tenía 112 millones sin gastar a falta de 45 días para final de año de los que 47.000.000 son de inversiones. En dos años Ferreiro firmó el pago de 20.000.000 en facturas con reparos de legalidad suspensivos y este año habrá otros 20. Ferreiro ha firmado más de 48.000.000 en operaciones bancarias de endeudamiento a pesar de que no ejecuta nada. Ferreiro se niega a bajar el IBI desde el 2015, subió el agua 6 € anuales a todos los coruñeses, mileuristas y pensionistas incluidos, para más fiestas. A pesar de que Ferreiro adelantó el cobro del IBI al mes de julio lleva 7 meses incumpliendo el período medio de pago. Es decir, de economía saneada nada de nada.

El incumplimiento por séptimo mes consecutivo demuestra que el problema no es aquella factura de 800.000 euros de recogida de basura o el millón del IMCE, un importe minúsculo en comparación con los pagos mensuales de 20.000.000 de media que no son capaces de abonar en tiempo y forma. El problema tampoco es la modificación del método de cómputo. El cambio es de abril y han sido incapaces de cumplir ni un solo mes desde entonces sabiendo que lo necesitaban para aplicar el superávit en inversiones. La Xunta, Lugo, Vigo, Pontevedra cumplen. La pérdida de estos 18.000.000 se une a los 130 sin ejecutar para inversiones en tres años. A los 22 perdidos de Eidus y Smart City. 170.000.000 perdidos en inversiones para la ciudad por su gestión ineficaz. Con 170.000.000 se podrían hacer 50 centros de salud, 30 edificios de viviendas sociales como el de la Xunta en el Ofimático, estamos esperando por los suyos, 8 reformas de Alfonso Molina, 5 intermodales, regenerar 4 veces la ría del Burgo, pagar la conexión ferroviaria con el puerto exterior, por ejemplo. Otra

porto exterior, por exemplo. Outra mostra do caos da xestión da concelleira de Facenda que tamén ten xudicializada ou recorrida toda a xestión de persoal e iso que xa lle retiraron as responsabilidades en Contratación, Interior, Planificación e Informática.

Por certo, hoxe tiñamos que estar a debater as Ordenanzas Fiscais e o Orzamento de 2019 pero non vimos, como xa dixo o portavoz socialista, nin un papel. Esperemos que non fagan como o ano pasado que nos deixaron nun lapis de memoria na Policía, na porta do Concello, o día anterior a Noite Boa e convocaron a Comisión de Facenda de urxencia para o día seguinte a Nadal.

Que máis necesitan para tomar medidas oportunas ante esta xestión desastrosa en lugar de culpar á oposición? Pois hoxe traen un voto particular, un voto particular que é unha nova chapuza histórica. Envíannos os informes do interventor, que é preceptivo, o venres ás dúas da tarde e a xustificación dos gastos que non é nin máis nin menos que toda esta gran morea que non podemos nin lela porque a terminamos de fotocopiar hoxe, esta mañá. Só a coñece o Partido Socialista desde hai meses con quen pactou este voto particular, bo os investimentos, por se se cumpría o período medio de pago. Hai algún gasto que ademais nos sorprende que queremos estudar.

Unha chafullada motivada polos seus reiterados incumprimentos e a súa nula xestión. Como consecuencia de todos estes incumprimentos non lles dá tempo a facer as cousas ben. O interventor é moi crítico e informa desfavorablemente este modificativo. Fan un dous por un, de seguridade xurídica nada. Segundo o seu informe e segundo o Ministerio de Facenda o período medio de pago

muestra del caos de la gestión de la concejala de Hacienda que también tiene judicializada o recurrida toda la gestión de personal y eso que ya le han retirado las responsabilidades en Contratación, Interior, Planificación e Informática.

Por cierto, hoy teníamos que estar debatiendo las Ordenanzas Fiscales y el Presupuesto de 2019 pero no hemos visto, como ya ha dicho el portavoz socialista, ni un papel. Esperemos que no hagan como el año pasado que nos dejaron un *pendrive* en la Policía, en la puerta del Ayuntamiento, el día anterior a Noche Buena y convocaron la Comisión de Hacienda de urgencia para el día siguiente a Navidad.

¿Qué más necesitan para tomar medidas oportunas ante esta gestión desastrosa en lugar de culpar a la oposición? Pues hoy traen un voto particular, un voto particular que es una nueva chapuza histórica. Nos envían los informes del interventor, que es preceptivo, el viernes a las dos de la tarde y la justificación de los gastos que no es ni más ni menos que todo este tocho que no hemos podido ni leerla porque la hemos terminado de fotocopiar hoy, esta mañana. Sólo la conoce el Partido Socialista desde hace meses con quien ha pactado este voto particular, bueno las inversiones, por si se cumplía el período medio de pago. Hay algún gasto que además nos sorprende que queremos estudiar.

Una chapuza motivada por sus reiterados incumplimientos y su nula gestión. Como consecuencia de todos estos incumplimientos no les da tiempo a hacer las cosas bien. El interventor es muy crítico e informa desfavorablemente este modificativo. Hacen un dos por uno, de seguridad jurídica nada. Según su informe y según el Ministerio de Hacienda el período medio de pago ha de cumplirse en

cumprirase no momento da aprobación inicial e a tramitación simultánea de dous modificativos co mesmo financiamento vulnera os principios de universalidade, unidade e claridade. Nin máis nin menos. Dous modificativos condicionados a un feito futuro e incerto, que cumpran o período de pago de novembro, polo que ningún dos dous vai fornecer efectos xurídicos. Contra que se alega desde a exposición pública se se descoñece o período de pago de novembro? Bastante improbable por certo que o cumpran. O de outubro ségueno escondendo. Preguntámosllo vinte veces e aínda non sabemos nin o de outubro, como imos saber o de novembro?

Isto realmente é unha tomadura de pelo aos pais de alumnos dos colexios, ás entidades deportivas, aos usuarios de centros cívicos,...

Presidencia

Vaia rematando, señora Gallego, por favor.

Señora Gallego Neira

Termino, si.

...aos cidadáns en xeral, porque o máis probable é que sigan incumprindo.

Ímonos abster nesta chafullada á espera de ver a documentación completa e desde logo ver se cumpren o período medio de pago de novembro. Chégalles coa aprobación do Grupo de goberno así que veremos que pasa de aquí en diante.

Grazas.

Presidencia

Moitas grazas. Señora Vieito.

el momento de la aprobación inicial y la tramitación simultánea de dos modificativos con la misma financiación vulnera los principios de universalidad, unidad y claridad. Ni más ni menos. Dos modificativos condicionados a un hecho futuro e incierto, que cumplan el período de pago de noviembre, por lo que ninguno de los dos va a surtir efectos jurídicos. ¿Contra qué se alega desde la exposición pública si se desconoce el período de pago de noviembre? Bastante improbable por cierto que lo cumplan. El de octubre lo siguen escondiendo. Se lo hemos preguntado veinte veces y todavía no sabemos ni el de octubre ¿cómo vamos a saber el de noviembre?

Esto realmente es una tomadura de pelo a los padres de alumnos de los colegios, a las entidades deportivas a los usuarios de centros cívicos,...

Presidencia

Termine, señora Gallego, por favor.

Señora Gallego Neira

Termino, sí.

...a los ciudadanos en general porque lo más probable es que sigan incumpliendo.

Nos vamos a abstener en esta chapuza a la espera de ver la documentación completa y desde luego ver si cumplen el período medio de pago de noviembre. Les llega con la aprobación del Grupo de gobierno así que veremos qué pasa de aquí en adelante.

Gracias.

Presidencia

Muchas gracias. Señora Vieito.

Señora Vieito Blanco

Señora Gallego esta chapuza é a recomendación da Secretaría Xeral deste Concello que é a que ten a función de asesoramento legal deste Pleno. Parece que vostede sabe máis que a Secretaría Xeral do Concello.

Por outra parte, efectivamente, señor García, estamos facendo todo o posible por reducir o período medio de pago do Concello e así chegar ao dato de cumprimento que superamos por escasos 3,61 días. Pero desde logo hai cuestións que nolo dificultan moito, sobre todo se se cambian desde Madrid as regras de xogo con respecto ao ano pasado. E isto o sabe perfectamente a señora Gallego. A cuestión que máis incide nese empeoramento no período medio de pago é a modificación do método de cálculo que entrou en vigor precisamente desde o mes de abril. Mes desde o que, mire que casualidade, se empezou a incumplir este indicador e non só no concello senón tamén noutras administracións, incluída a Administración Xeral do Estado que é quen impuxo ese requisito. Xusto eses 7 meses precisamente e vostedes o saben porque foron o PP precisamente en Madrid os que cambiaron ese método de cálculo. Co antiga metodoloxía, e vostede tamén o sabe, o prazo total antes para o pago desas facturas era de 60 días. As facturas pagadas nos 30 primeiros días se contabilizaban en negativo de forma que podían compensar no cómputo total ás pagadas nos 30 posteriores. Agora iso xa non é posible e o prazo en vez de 60 días reduciuse a 30 días. Como xa lle acabo de dicir, incluso a propia Administración Xeral do Estado, que é a que impón ese requisito, pasou de valores inferiores a 30 días ata o mes de marzo, 26,38 días de período medio de pago, a 48,45 días no mes de abril, incumprindo en todos os

Señora Vieito Blanco

Señora Gallego esta chapuza es la recomendación de la Secretaría General de este Ayuntamiento que es la que tiene la función de asesoramiento legal de este Pleno. Parece que usted sabe más que la Secretaría General del Ayuntamiento.

Por otra parte, efectivamente, señor García, estamos haciendo todo lo posible por reducir el período medio de pago del Ayuntamiento y así llegar al dato de cumplimiento que superamos por escasos 3,61 días. Pero desde luego hay cuestiones que nos lo dificultan mucho, sobre todo si se cambian desde Madrid las reglas de juego con respecto al año pasado. Y esto lo sabe perfectamente la señora Gallego. La cuestión que más incide en ese empeoramiento en el período medio de pago es la modificación del método de cálculo que entró en vigor precisamente desde el mes de abril. Mes desde el que, mire que casualidad, se empezó a incumplir este indicador y no solo en el ayuntamiento sino también en otras administraciones, incluida la Administración General del Estado que es quien impuso ese requisito. Justo esos 7 meses precisamente y ustedes lo saben porque fue el PP precisamente en Madrid los que cambiaron ese método de cálculo. Con la antigua metodología, y usted también lo sabe, el plazo total antes para el pago de esas facturas era de 60 días. Las facturas pagadas en los 30 primeros días se contabilizaban en negativo de forma que podían compensar en el cómputo total a las pagadas en los 30 posteriores. Ahora eso ya no es posible y el plazo en vez de 60 días se redujo a 30 días. Como ya le acabo de decir, incluso la propia Administración General del Estado, que es la que impone ese requisito, pasó de valores inferiores a 30 días hasta el mes de marzo, 26,38 días de período medio de pago, a 48,45 días en el mes de abril, incumpliendo en todos los

meses posteriores chegando en agosto a 49,7 e en setembro a 46,89.

Efectivamente tamén a Lei de Contratos do sector público, que entrou en vigor desde ese mes de marzo de 2018, introduciu novos requisitos formais para a tramitación das facturas que están a dilatar os tempos necesarios para a tramitación deste tipo de gastos, xerando ademais un importante aumento dos reparos. Proba de todo isto é que no mes de marzo o período medio de pago do Concello estaba dentro dos límites de cumprimento, 27,7 días de período medio de pago, mentres que en abril, cando entrou en vigor a nova fórmula de cálculo, coincidindo ademais coa recente entrada en vigor da Lei de Contratos, pasou a ser de 42,92, comezándose a incumplir. E non é casualidade, é debido ao cambio da metodoloxía de cálculo do período medio pago.

A partir de abril cambiaron, polo tanto, as regras de xogo e teríamos cumprido se non se tivera cambiado esa metodoloxía, tal como fixemos o ano pasado.

Ademais no noso caso concreto tamén hai outra cuestión que incidiu no empeoramento dese indicador e do que vostedes tamén son responsábeis. O recoñecemento extraxudicial de crédito do Concello por importe de 1,3 millóns, que foi rexeitado inicialmente polo Pleno en maio e que non se aprobou finalmente ata agosto lastrou, de forma moi importante, o período medio de pago ata ese mes e tamén o recoñecemento extraxudicial de facturas correspondentes ao IMCE por importe de 935.000 e que tamén foi rexeitado en varias ocasións e non foi aprobado ata setembro. Por ese motivo o período medio de pago do Concello empeorou aínda máis desde abril, chegando a

meses posteriores chegando en agosto a 49,7 y en septiembre a 46,89.

Efectivamente también la Ley de Contratos del sector público, que entró en vigor desde ese mes de marzo de 2018, introdujo nuevos requisitos formales para la tramitación de las facturas que están dilatando los tiempos necesarios para la tramitación de este tipo de gastos, generando además un importante aumento de los reparos. Prueba de todo esto es que en el mes de marzo el período medio de pago del Ayuntamiento estaba dentro de los límites de cumplimiento, 27,7 días de período medio de pago, mientras que en abril, cuando entró en vigor la nueva fórmula de cálculo, coincidiendo además con la reciente entrada en vigor de la Ley de Contratos, pasó a ser de 42,92, comenzándose a incumplir. Y no es casualidad, es debido al cambio de la metodología de cálculo del período medio pago.

A partir de abril cambiaron, por lo tanto, las reglas de juego y las cumpliríamos si no se cambiara esa metodología, tal como hicimos el año pasado.

Además en nuestro caso concreto también hay otra cuestión que incidió en el empeoramiento de ese indicador y del que ustedes también son responsables. El reconocimiento extrajudicial de crédito del Ayuntamiento por importe de 1,3 millones, que fue rechazado inicialmente por el Pleno en mayo y que no se aprobó finalmente hasta agosto lastró, de forma muy importante, el período medio de pago hasta ese mes y también el reconocimiento extrajudicial de facturas correspondientes al IMCE por importe de 935.000 € que también fue rechazado en varias ocasiones y no fue aprobado hasta septiembre. Por ese motivo el período medio de pago del Ayuntamiento empeoró aún más desde abril, llegando a valores

valores por enriba dos 50 días, ata que o Pleno finalmente aprobou o recoñecemento en agosto e se puideron pagar as facturas, pasando o período medio de pago de 54,76 en agosto a 33,61 en setembro. Isto demostra, señora Gallego, o peso desas facturas que causaron un empeoramento de máis de 20 días do período medio de pago. Aínda así e con todos os esforzos que se fixeron desde os Servizos non foi suficiente para cumprir co límite de 30 días por 3,61 días.

Non hai que esquecer tampouco que estes requisitos que impón a normativa de estabilidade para poder investir o superávit en investimentos financeiramente sostibles, non son máis que trabas para conseguir que os concellos os destinemos prioritariamente á débeda. Aínda que se conseguiu ampliar o listado de posibles investimentos deste tipo, os requisitos para facelo endurecéronse e o vemos no caso do período medio de pago co cambio da metodoloxía de cálculo.

Hai que recordar tamén de onde ven a Lei de estabilidade e para que se creou. Naceu das obrigas que impuxo Bruselas para reducir o nivel de déficit e de endebedamento de forma prioritaria e así poder pagarlles aos bancos o importe da débeda contraída co Estado: obrigal as administracións públicas a recortar gastos en dereitos básicos. Esa foi a súa política seguida en Madrid polo señor Rajoy cando era presidente. E todo iso grazas á reforma constitucional exprés do artigo 135 pactada polos partidos que hoxe neste Pleno critican precisamente que se teña que amortizar débeda.

Pero parece que tamén se esquecen do que fixeron o ano pasado por estas datas aquí neste Pleno con referencia a este asunto. O ano pasado por estas datas o

por encima de los 50 días, hasta que el Pleno finalmente aprobó el reconocimiento en agosto y se pudieron pagar las facturas, pasando el período medio de pago de 54,76 en agosto a 33,61 en septiembre. Esto demuestra, señora Gallego, el peso de esas facturas que causaron un empeoramiento de más de 20 días del período medio de pago. Aun así y con todos los esfuerzos que se hicieron desde los Servicios no fue suficiente para cumplir con el límite de 30 días por 3,61 días.

No hay que olvidar tampoco que estos requisitos que impone la normativa de estabilidad para poder invertir el superávit en inversiones financieramente sostenibles, no son más que trabas para conseguir que los ayuntamientos los destinemos prioritariamente a la deuda. Aunque se consiguió ampliar el listado de posibles inversiones de este tipo, los requisitos para hacerlo se endurecieron y lo vemos en el caso del período medio de pago con el cambio de la metodología de cálculo.

Hay que recordar también de dónde viene la Ley de estabilidad y para qué se creó. Nació de los deberes que impuso Bruselas para reducir el nivel de déficit y de endeudamiento de forma prioritaria y así poder pagarles a los bancos el importe de la deuda contraída con el Estado: obligar a las administraciones públicas a recortar gastos en derechos básicos. Esa fue su política seguida en Madrid por el señor Rajoy cuando era presidente. Y todo eso gracias a la reforma constitucional exprés del artículo 135 pactada por los partidos que hoy en este Pleno critican precisamente que se tenga que amortizar deuda.

Pero parece que también se olvidan de lo que hicieron el año pasado por estas fechas aquí en este Pleno con referencia a este asunto. El año pasado por estas

propio PP votou en contra da aprobación de investimentos financeiramente sostíbeis con cargo ao superávit de 2016. Votaron, non unha, senón dúas veces en contra de dedicar o superávit a investimentos para a cidade a favor de destinalo, a pagar débeda aos bancos. E tamén o PSOE, señor García, votou o ano pasado en contra do modificativo de IFSS por importe de 7 millóns. Consideraban que non se destinaba unha cantidade suficiente a amortizar débeda...

Presidencia

Vaia rematando, señora Vieito, por favor.

Señora Vieito Blanco

...e para poder aprobar finalmente o expediente tivemos que rebaixar a 5.000.000 a cantidade prevista, á metade do superávit, para poder cumprir cos seus requisitos e as súas esixencias e así poder aprobar a metade en investimentos e a outra metade para amortizar débeda. Parece que este ano amortizar débeda non lles parece tan ben como o ano pasado.

Sobre a execución hai que dicirlle á señora Bea Mato, que agora xa fala máis que vostede...

Presidencia

Remate xa señora Vieito, por favor.

Señora Vieito Blanco

...que deixaron sen executar 229,6 millóns e tampouco debe de saber que a data actual a nivel precontábel a execución global actual é de 68,54% ,que supera todos os anos de execución global do PP por estas datas, incluído o seu mellor ano de execución, 2014.

fechas el propio PP votó en contra de la aprobación de inversiones financieramente sostenibles con cargo al superávit de 2016. Votaron, no una, sino dos veces en contra de dedicar el superávit a inversiones para la ciudad, a favor de destinarlo a pagar deuda a los bancos. Y también el PSOE, señor García, votó el año pasado en contra del modificativo de IFSS por importe de 7 millones. Consideraban que no se destinaba una cantidad suficiente a amortizar deuda...

Presidencia

Termine, señora Vieito, por favor.

Señora Vieito Blanco

...y para poder aprobar finalmente el expediente tuvimos que rebajar a 5.000.000 la cantidad prevista, a la mitad del superávit, para poder cumplir con sus requisitos y sus exigencias y así poder aprobar la mitad en inversiones y la otra mitad para amortizar deuda. Parece que este año amortizar deuda no les parece tan bien como el año pasado.

Sobre la ejecución hay que decirle a la señora Bea Mato, que ahora ya habla más que usted...

Presidencia

Termine ya señora Vieito, por favor.

Señora Vieito Blanco

...que dejaron sin ejecutar 229,6 millones y tampoco debe de saber que la fecha actual a nivel precontable la ejecución global actual es de 68,54%, que supera todos los años de ejecución global del PP por estas fechas, incluyendo su mejor año de ejecución, 2014.

Nada máis. Grazas.

Presidencia

Moi ben. Moitas grazas. Señor García.

Señor García Pérez

Grazas, señor alcalde.

Señora Vieito as súas desculpas son unha ladaíña que tería que ter un pouco de autocrítica, porque a verdade é que xa está ben.

Bo, van ser estas palabras... -vou afastarme do asunto porque xa lles anunciamos a abstención do Grupo Municipal- para dicirlles que é a última vez que vou dirixirme a este Pleno como concelleiro. Non hai maior honra que ser concelleiro e representar aos cidadáns. Unha honra traballar con todos vostedes e no debate gozar, aprender, ás veces cabrearnos. A cidade está a esperarlles, era moi importante que este pimpampum entre partidos terminase porque necesitamos entre todos que A Coruña avance un pouco máis. En calquera caso, un pracer e ata sempre.

Moitas grazas.

Presidencia

